

ADDENDA ÁS PROGRAMACIÓN DE INGLÉS DE 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

A presente addenda refírese aos apartados 9 (criterios de avaliación, cualificación e promoción da materia), e 12 (avaliación das materias pendentes) da programación didáctica, para adaptar os novos cambios normativos, como se recolle na ORDE do 25 de xaneiro de 2022, aos devanditos apartados.

1. Para aqueles alumnos cuxo progreso non haxa sido axeitado, estableceranse **medidas de reforzo**, en calquera momento do curso, tan pronto se detecten dificultades. Para ese reforzo facilitaranse materiais de repaso pero, dado que a nosa materia ten unha avaliación continua, eses repasos continuos faranse na aula con todo o alumnado.
2. A avaliación da materia de Inglés é **continua**, polo que a cualificación que se transmita no boletín na 3ª avaliación reflectirá a situación académica global do alumno nese momento determinado. Os contidos e procedementos que o alumno debe adquirir na lingua estranxeira serán avaliados, directa ou indirectamente, en todas as avaliacións e van incrementando a súa dificultade ao longo do curso. Por esta razón, **a cualificación negativa nunha avaliación recuperarase aprobando a seguinte. De aí que teña máis peso a terceira avaliación, onde o alumno demostrará o nivel global alcanzado durante o presente curso.** O alumno sempre será cualificado coa nota de 1 a 10 puntos na terceira avaliación, seguindo as diferentes porcentaxe que se recollen no apartado 9 da programación do curso.

3. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final do curso. Na **avaliación final**, aquel alumnado con cualificación negativa terá un plan de recuperación específico a partires do 6 de xuño para prepararse para una proba obxectiva específica a finais do devandito mes. Por outra banda, aquel alumnado con cualificación positiva na terceira avaliación terá un plan de ampliación no que se englobaran todos os contidos tratados durante o curso académico. Polo tanto, a **proba extraordinaria de setembro** queda eliminada e terase en conta, para a avaliación final da materia, o plan de recuperación de xuño. Os dous plans consistirán no seguinte:

- a) O **plan de recuperación** será avaliado a través dunha proba obxectiva específica na que se incluírán aqueles contidos tratados ao longo do curso académico. Para a avaliación positiva do plan de recuperación, o alumno deberá acadar unha avaliación positiva na proba obxectiva específica, para iso terá que ter unha cualificación dun mínimo de 5 sobre 10.
- b) O **plan de ampliación** será avaliado a través do traballo durante as semanas dende 6 de xuño ata final de curso e consistirá nun proxecto no que se incluírán aqueles contidos máis destacables do curso académico. A cualificación dese proxecto será dun máximo de 1 punto, que se sumará a nota da terceira avaliación. Polo tanto, o alumno poderá acadar unha nota superior, ata 1 punto máis, na avaliación final de xuño.

4. Aquel alumnado coa **materia pendente** terá un exame global final que contará un 100% da nota final. Dita proba será feita no mes de xuño durante o período de recuperación. Aquel alumnado cunha cualificación positiva na materia do curso superior terá a materia pendente recuperada, xa que a materia de Inglés ten un carácter continuo e os contidos dos cursos anteriores son repasados e ampliados nos cursos seguintes.

5. Polo que respecta á **promoción do alumnado**, aplicaranse os criterios de promoción recollidos na ORDE do 25 de xaneiro de 2022. Hai que destacar que a avaliación debe ser integradora. A decisión, adoptada de xeito colexiado, terá que atender á consecución dos obxectivos, grado de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso dos alumnos/as, tendo en conta os criterios de promoción.